

INFORME DOS SERVIZOS XURÍDICOS SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, REGULADORA DOS COMEDORES ESCOLARES DOS CENTROS DOCENTES NON UNIVERSITARIOS

Consulta

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a Proposición de lei, de iniciativa popular, reguladora dos comedores escolares dos centros docentes non universitarios (doc. R.E. núm. 60152, do 17 de decembro de 2019) cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, o disposto na Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

Consideracións

1. Normativa xeral

A iniciativa lexislativa popular forma parte do dereito fundamental da cidadanía a participar directamente nos asuntos públicos (artigo 23.1 da Constitución), cuxo exercicio desenvolve a Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, en cumprimento do establecido no artigo 13.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia. En concreto, o seu artigo 1 faculta ás cidadás e aos cidadáns maiores de idade que gocen da condición política de galegas ou galegos e que se atopen inscritos no censo electoral para exercer a iniciativa lexislativa popular en materias non expresamente excluídas pola lei e de acordo co procedemento establecido nela.

Entre os requisitos persoais, para ter a capacidade necesaria para exercer a iniciativa lexislativa, son imprescindibles a proba da maioría de idade, a condición política de galega ou galego e a inscrpción no censo electoral de calquera das circunscripcións electorais de Galicia (arts. 1 e 5). Asemade, a Lei establece que os membros da comisión promotora, integrada por un mínimo de dez persoas [art. 4 c)], terán que reunir a condición de electoras ou electores e non estar incursos nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidades aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia (arts. 1 e 5).

Consonte o disposto nos artigos 3 e 6 exclúense dunha iniciativa lexislativa popular as materias non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma, as de desenvolvemento básico do Estatuto de Autonomía de Galicia e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación unha maioría cualificada, así como as de natureza orzamentaria e tributaria. Ademais requírese a inexistencia previa doutra iniciativa lexislativa en trámite sobre o mesmo obxecto.

O artigo 4 da Lei establece o procedemento a seguir para a presentación da iniciativa lexislativa popular no Rexistro do Parlamento de Galicia sinalando que, o escrito dirixido á Mesa, conterá o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos, e dunha exposición das razóns que aconsellen a aprobación polo Parlamento de Galicia da correspondente proposición de lei.

Por outro lado, as funcións cualificadoras da Mesa da Cámara suxéitanse ao réxime xeral, efectuando un control de legalidade en función do canon estritamente normativo, e non político nin de oportunidade. Nestes termos pronunciouse o Tribunal Constitucional nos autos 428/1989 (fundamento xurídico 3) e 140/1992 (fundamento xurídico 3) e na Sentenza 76/1994 (fundamento xurídico 2).

2. Exame do escrito núm. 60152 polo que se formaliza a iniciativa lexislativa popular

A presentación deste escrito inicia un procedemento parlamentario regrado correspondéndolle á Mesa da Cámara realizar o control de legalidade formal da documentación achegada e, en concreto, a declaración de admisión ou non a trámite da iniciativa lexislativa formulada, polos motivos taxados regulados no artigo 6 da citada Lei, a cuxo exame procedemos a continuación:

2.1. Materias excluídas.

O artigo 3 da Lei de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia exclúe da dita iniciativa as materias seguintes:

- As non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As de desenvolvemento básico do Estatuto de Autonomía e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación o voto favorable dunha maioría cualificada.
- As de natureza orzamentaria e tributaria.

A principal razón para xustificar a proposición de lei é garantir a efectividade da educación básica obligatoria, de acordo cos principios de igualdade, solidariedade en inclusión. Esta garantía esixe configurar o comedor escolar non como un recurso de carácter complementario senón como un dereito e, polo tanto, debe organizarse como calquera outro servizo educativo.

A Lei reguladora da iniciativa lexislativa popular exclúe dela as materias que non sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia polo que cómpre cualificar esta proposición de lei tendo en conta os títulos competencias correspondentes. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, atribúelle a competencia a Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española. Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como o transporte e os comedores escolares. Actualmente, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG nº 154, do 13 de agosto), regula o funcionamento dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

O texto da proposición de lei, logo dun preámbulo, consta de oito parágrafos numerados con cardinais arábigos en non con artigos. O texto carece de parte final.

Estas eivas afectan é estrutura material e formal do texto e non ao seu contido normativo, polo que, chegado o caso, poden ser reparadas aplicando as regras de técnica normativa que correspondan.

Verbo do seu contido, a proposición de lei ten por obxecto a regulación do funcionamento dos comedores escolares como un servizo educativo nos centros docentes públicos non universitarios que imparten os niveis de ensinanza básica obligatoria, correspondente á educación primaria e á educación secundaria obligatoria, e o segundo ciclo de educación infantil.

2.2. Requisitos formais

O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, preséntase no modelo oficial da sede electrónica da Cámara por once persoas, que constitúen a comisión promotora e figuran identificadas polos seus nomes, apelidos, DNI e enderezo.

O citado escrito contén:

- Unha exposición de razóns que aconsella a aprobación da proposición de lei.
- Unha declaración por parte de todas e cada unha das persoas que integran a comisión promotora, coa súa sinatura persoal, de que reúnen a condición de elector ou electora, así como de non estaren incursas nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto (art. 5 da Lei 7/2015).

Ao dito escrito achéganse:

- As certificacións das correspondentes delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral acreditativas da veciñanza administrativa e inscrición no censo electoral da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 5 da Lei 7/2015).

Conclusión

A Proposición de lei, de iniciativa popular, reguladora dos comedores escolares dos centros docentes non universitarios, pode continuar a súa tramitación.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020.

Polos Servizos Xurídicos

